



VIVENDA E EMANCIPACIÓN DA XUVENTUDE EN GALICIA



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**



**INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO**

Índice de contidos

INTRODUCCIÓN	<u>3</u>
METODOLOXÍA	<u>5</u>
ANTECEDENTES	<u>7</u>
TAXA DE EMANCIPACIÓN	<u>12</u>
CUSTO DE ACCESO Á VIVENDA	<u>20</u>
CONCLUSIÓNS	<u>23</u>

A blurred background image showing a woman and a child holding a small red toy house together. The woman is on the left, and the child is on the right. They are both smiling and looking at the house. The house is red with a grey roof and two windows. A blue banner is overlaid on the image, containing the word 'Introducción' in white text.

Introducción

A situación da vivenda converteuse nun tema de crecente interese e preocupación nos últimos anos, especialmente no que respecta ao acceso á mesma por parte dos mozos e a súa relación co proceso de emancipación.

O prezo da vivenda, tanto no mercado de compra como no de alugueiro, experimentou importantes flutuacións que impactan directamente na capacidade adquisitiva das novas xeracións.

Este informe ten como obxectivo analizar a relación entre o prezo da vivenda e as condicións sociais e familiares das persoas mozas en Galicia, co fin de ofrecer unha visión integral sobre os obstáculos e retos que enfrontan os mozos galegos no seu proceso de emancipación.

O documento céntrase principalmente en amosar a situación da xente nova e a diferenza que existe para poder emanciparse en relación co grupo de idade e a situación económica.

Os datos que se presentan a continuación refírense maioritariamente a Galicia, si ben, en algún caso tamén se presenta unha comparación coa situación a nivel nacional.



Metodología

Aínda que segundo a Lei de xuventude de Galicia (Lei 6/2012, do 19 de xuño) considérase como poboación nova a todas as persoas que teñen entre 14 e 34 anos, este estudo tomará como referencia o tramo de idade específico que vai dos 16 aos 29 anos, que é o estándar europeo nas investigacións e informes institucionais sobre o emprego xuvenil.

Para a elaboración deste informe recolléronse datos das seguintes fontes:

- Enquisa de Poboación Activa (INE),
- Informe do Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude,
- Enquisa Estrutural a Fogares
- Estatísticas de valor taxado de vivenda do Ministerio de Fomento


Para o apartado de custo de acceso á vivenda, recolléronse os seguintes datos:

- Media dos tipos de xuro hipotecario que proporciona o Banco de España
- Prazo medio das hipotecas en Galicia, proporcionado polo Colexio de Rexistradores para o mesmo ano.

A blurred background image showing a woman and a child holding a small red toy house together. The woman is on the left, and the child is on the right. The house is red with white windows and a chimney. The image is soft and out of focus, with a blue banner overlaid in the center.

Antecedentes

Variación da taxa de emancipación da mocidade nas CC.AA. no grupo 16-29 anos (*)



- Entre o 2008 e 2023, no grupo de idade de 16 a 29 anos Galicia foi a terceira comunidade que mellor evolucionou a taxa de emancipación: -3,7 puntos; pasou de unha taxa de 19,4 % en 2008 a 15,7 % en 2023; pasando do posto 16º ao posto 12º entre as CC.AA.
- Entre 2008 e 2023 a taxa media de España cambiou do 26,0 % a 16,7 % (-9,3 puntos).

Taxa de emancipación (2023)

Galicia: 15,7 %
España: 16,7 %


Variación da taxa de emancipación (2008 - 2023)

Galicia: -3,7
España: -9,3

* Os datos anuais corresponden ao promedio dos datos dos dous semestres do ano.

** Compárase o 2008 e 2023 porque o 2008 e o ano previo á crise inmobiliaria e 2023 é o último ano con datos do Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España.

Evolución da taxa de emancipación da mocidade no grupo 16-29 anos



**Variación anual da
taxa de emancipación
(2022 – 2023)**


Galicia: +0,0 %
España: +6,1 %

**Variación anual da
taxa de emancipación
(2019– 2023)**

Galicia: -16,1 %
España: -11,2 %

- A taxa de emancipación no grupo de idade 16-29 anos presenta unha tendencia similar en España e en Galicia a partir de 2011, cun decrecemento ata 2021 onde comezan a diverxer e amosando valores crecentes en España mentres que en Galicia mantense estable.
- A variación da taxa no último ano é superior en España (+6,1%) que en Galicia, onde se mantén estable con respecto ao ano anterior.

Emancipación da mocidade por grupos de idade en Galicia (4T 2008 – 4T 2022)*




Variación da posición na taxa de emancipación en Galicia (2008 - 2022)

Grupo 30-34 anos: da 17º a 7º posición
 Grupo 25-29 anos: da 17º a 12º posición
 Grupo 16-24 anos: da 1º a 3º posición

- No grupo de 30-34 anos, Galicia foi a comunidade que máis aumentou a taxa de emancipación (+9,17 puntos porcentuais, de 61,5 % a 70,7 %). Só catro comunidades tiveron unha evolución positiva; Asturias, Cantabria, P. Vasco e Galicia. Só neste grupo é onde houbo unha evolución positiva da taxa.
- No grupo de 25-29 anos Galicia foi a segunda comunidade na que menos se reduciu a taxa de emancipación: -3,22 puntos. En España a redución foi de -10,56 puntos.
- No grupo de 16-24 anos Galicia tamén foi a segunda comunidade con menor redución da taxa: -2.26 puntos (do 7,7 % ao 5,4 %).
- No 2008 Galicia era a comunidade con menor taxa nos grupos de 30-34 e 25-29, e no 2022 no grupo 30-34 subiu 10 postos (ata o 7ª posto) e no grupo 25-29 subiu 5 postos (ata o 12ª posto). No grupo 16-24 subiu 2 postos (ata o 3º posto).

Poboación moza en Galicia por grupo de idade (4T 2022)



Poboación moza

Galicia: 475.985 persoas
(18 % do total)


España: 10.112.215 persoas
(21 % do total)

- A poboación moza en Galicia é de 475.985 persoas (o 18 % da poboación total).
- O tamaño dos grupos de idade está bastante equilibrado: o grupo de 30-34 anos é o maioritario (supón o 28 % do total); o grupo de 25-29 anos representa o 25 %; e os grupos de 20-24 e 16-19, o 23% e 24 %, respectivamente.



Taxa de emancipación

Evolución da taxa de emancipación en Galicia por grupos de idade (2006-2022) *



Taxa de emancipación* (2022)


16-24 anos: 5,7 %

25-29 anos: 33,4 %

30-34 anos: 69,3 %

- A emancipación en Galicia comeza a ser relevante no grupo de idade de 25 a 29 anos, mentres que antes desas idades é residual.
- En canto á evolución en Galicia, vese que é similar en ambos os grupos de idade, cun incremento a partir de 2021 no grupo de 30-34 anos.
- A porcentaxe de emancipación da mocidade de entre 25 e 29 anos descendeu nun 4,3 % nos últimos tres anos (2020-2022) en Galicia, mentres que no de 16 a 24 e de 30 a 34 aumentou un 11,8 % e un 11,2 %, respectivamente.
- A taxa de emancipación do total dos tres grupos de idade é do 36,1 %, mentres que en España se sitúa no 36,6 %.

Taxa de emancipación en España e Galicia por idades (4T 2022) *




**Diferencia da taxa entre
Galicia e España (4T 2022)**

16-24 anos: +1 punto
25-29 anos: -2,4 puntos
30-34 anos: +0,9 puntos

- A taxa de emancipación en Galicia e en España é moi semellante e non destaca en ningún grupo de idade: en Galicia é menor no segundo tramo (-2,4 puntos) e nos restantes a diferenza é menor dun punto porcentual.
- A emancipación aumenta considerablemente a medida que subimos no grupo de idade, tanto en Galicia coma España, case en 30 puntos entre grupos.

Taxa de emancipación en España por comunidades: 16-24 anos (4T 2022) *




- No grupo máis novo (16 a 24 anos) tan só Cataluña e Murcia superan a taxa de emancipación de Galicia (5,4 %).
- Galicia supera á media nacional nun punto porcentual.

Diferencia entre Galicia e España (4T 2022)

+1 punto

Taxa de emancipación en España por comunidades: 25-29 anos (4T 2022) *




- No tramo de idade de 24 a 29 anos, a taxa de emancipación en Galicia está por debaixo da media de España, 2,4 puntos menos.
- Galicia está por debaixo da media nacional en 2,4 puntos porcentuais.

Diferencia entre Galicia e España (4T 2022)

-2,4 puntos

Taxa de emancipación en España por comunidades: 30-34 anos (4T 2022) *




- Analogamente, no tramo de 30-34 anos, Galicia ten unha taxa de emancipación similar á de España (0,9 puntos maior)
- Galicia supera á media nacional en 1,9 puntos porcentuais.

Diferencia entre Galicia e España (4T 2022)

+0,9 puntos

Mozos/as que viven cos pais en Galicia por tamaño do concello e idades (2022)




Diferencia da taxa entre idades (4T 2022)

<10.000 hab.: 37,3 puntos
10.001-20.000 hab.: 37,6 puntos
20.001-50.000 hab.: 47,9 puntos
>50.001 hab.: +49,1 puntos

- En Galicia a porcentaxe da mocidade que vive cos pais no grupo de idade de 25 a 34 anos vaise reducindo lixeiramente canto maior é o concello onde residen, mentres que no de 18 a 24 anos mantense relativamente constante.
- No grupo de 18 a 24 anos hai unha diferenza de -2,2 % entre o grupo das grandes cidades e grupo de concellos de 10-20 mil habitantes.
- No grupo de entre 25 e 34 anos, existe unha diferenza de -25,2 % entre o grupo das grandes cidades e grupo de concellos de 10-20 mil habitantes.

Fogares compostos por persoas menores de 35 anos sobre o total de fogares (2008-2022)



- Os fogares con menores de 35 anos foron diminuindo significativamente entre os anos 2011 e 2019. A partir de 2019 están aumentando lixeiramente.


Fogares con menores de
35 anos (2022):

5,8 %



Custo de acceso á vivenda

Evolución do alugueiro en Galicia (2014 – 2024)



Prezo medio do
alugueiro en Galicia
(2024):

533,3 €


- O prezo do alugueiro en Galicia experimenta un crecemento constante nos últimos anos (incrementouse unha media do 5,2 % anual de 2015 a 2024).
- No 2024 o prezo medio do alugueiro foi de 533 €, e o salario de 12.128 € no grupo de 16-25 anos e de 18.050 € no grupo de 26-34 anos.

Salario en Galicia 2021

16-25 anos: 12.127,66 €

26-34 anos: 18.050,14 €

Evolución do valor taxado dunha vivenda libre (2007– 2023)



Esfuerzo inmobiliario* (2021):

16-25 anos: 10,0 anos
26-34 anos: 6,7 anos

Esfuerzo financeiro** (2021):

16-24 anos: 40,1%
25-34 anos: 27,0 %

- En Galicia, o esforzo inmobiliario (os anos de salario íntegro que habería que traballar para comprar a vivenda “media” sen considerar o financiamento) do grupo de 16 – 25 anos situaríase nos 10 anos. No grupo de 26 a 34 o esforzo inmobiliario sería de 6,7 anos.
- Considerando a situación habitual de solicitude de préstamo hipotecario, en Galicia, a porcentaxe do salario anual que o grupo de 16 a 25 anos debería dedicar a mercar a vivenda media ascendería ao 40 %, descendendo ata o 27 % no tramo de idade de 26 a 34 anos.
- Segundo os datos do Colexio de Rexistradores, en 2021 o prazo medio dunha hipoteca en Galicia era de 23,7 anos.



Conclusiones

Poboación e emancipación

- A finais de 2022, a poboación moza en Galicia é de 475.985 persoas, o 18 % da poboación total (en España representa o 21 %).
- Entre o 2008 e 2023, no grupo de idade de 16 a 29 anos Galicia foi a terceira comunidade que mellor evolucionou a taxa de emancipación : -3,7 puntos (-9,3 en España).
- A emancipación da mocidade (entre 16 e 34 anos) en Galicia sitúase no 36,1 % (o 36,6 % en España), e empeza a ser relevante a partir dos 25 anos (o grupo de 25-29 anos ten unha taxa de emancipación do 33 % e o grupo de 30-34, do 69 %).
- A taxa de emancipación en Galicia e España é moi similar: só no grupo 16-24 anos é un 1 % maior en Galicia (a terceira maior das CC. AA.).
- Os fogares con menores de 35 anos diminuíron significativamente entre os anos 2008 e 2019. Na actualidade, están estables.
- A mocidade que vive cos proxenitores redúcese canto maior é o concello onde reside.

Situación laboral

- No 2024 a taxa de paro da mocidade (16-24 anos) é do 27,2 % en Galicia e do 22,6 % en España.
- Entre a mocidade (menores de 35 anos) a temporalidade é do 27,9 % dos asalariados, 16,4 puntos máis elevada que os maiores desa idade (11,5 %). Nas mulleres novas a temporalidade é 5,3 puntos maior que nos homes.
- A mocidade galega ten un nivel de formación alto: máis do 50 % ten educación superior nos grupos de maior idade (25-29 e 30-34 anos).
- En Galicia no 2021 o salario medio do grupo de 26-34 anos foi de 18 050 € (un 13,4 % inferior que en España). A evolución é semellante en ambos os territorios.
- Nos últimos anos, a taxa de persoas mozas en risco de pobreza reduciuse.

Custo do acceso á vivenda

- En Galicia o alugueiro dunha vivenda supón unha media de 6.399,38 € por ano, polo que para a mocidade de 26 e 34 anos representa o 35 % do salario, e o 53 % do salario para o grupo de 16 a 25 anos.
- No caso da compra tamén atopamos diferenzas entre os dous grupos de idade. Observando os datos medios de prazo hipotecario, valor medio da vivenda libre e tipos de xuro, a mocidade de 26 a 34 anos dedicaría un 27 % do total do seu salario ao pago da hipoteca. O grupo de 16 a 25 dedicaría un 40 % do salario ao pago da hipoteca.



www.observatoriodavivenda.gal
observatoriodavivenda@xunta.gal



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**



**INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO**